

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 9 DE FEBREIRO DE 2023

Ás 10:05 horas do día 9 de febreiro de 2023, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 6 de febreiro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. Patricia Rodríguez Calviño

Vocais: D^a. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica
D^a. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral
D. Pablo Varela Ballesteros, técnico medio de Servizos Económicos da Dirección de Ingresos
D. Jesús Núñez-Torrón López (asiste aos puntos 2, 9b e 10b)
D^a. Ruth María Gallego Santos, suplente do xefe da Área de Investimentos (asiste aos puntos 9a, 10a, 11c a 11g)
D^a. Luz María González Domínguez, xefa do Departamento Administrativo de Alcaldía (asiste ao punto 11b)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

2.- Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de «Programa de coidadores de barrio do Servizo de Benestar Social (Concello de Vigo)» reservado a empresas de inserción (241.946-301)

A secretaria informa do único licitador presentado a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con el. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses co licitador.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa desencriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- Outorgar un prazo de tres días a E.I.L. CORMO INTEGRAL S.L.U. para que poida emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación. Concretamente, deberá presentar un novo DEUC do licitador debidamente cumprimentado, xa que



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 07:43	Páxina 1 de 22
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A54F-52C9D2-57B9A8-N8VFPF-CC64EJ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

no presentado no se respondeu ao motivo de exclusión da parte III.c "Incumplimento de obligaciones en los ámbitos del Derecho laboral". Tamén deberán achegar un novo DEUC do terceiro, Fundación Érguete Integración, con todos os motivos de exclusión debidamente cumprimentados así como os criterios de selección.

4.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de «Programa de coidadores de barrio do Servizo de Benestar Social (Concello de Vigo)» reservado a empresas de inserción (241.946-301)

Retírase este asunto da orde do día porque a Mesa acordou no punto anterior requirir a emenda de documentación ao licitador presentado.

9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante fórmula nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Cubrición do patio no CEIP Frián-Teis" (1.338-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co único licitador admitido. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

Entrégase o informe asinado pola técnica de Xestión e o xefe da Área de Investimentos o 3 de febreiro de 2023 de valoración do Sobre C "proposición avaliable mediante fórmula" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de desenvolvemento da adaptación da plataforma informática do Servizo de Benestar Social para a transmisión de información á Axencia Estatal Tributaria (246.353-301)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co único licitador admitido. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

Entrégase o informe asinado polo xefe da Área de Benestar Social e o xefe do Servizo de Administración Electrónica o 6 de febreiro de 2023 de valoración do Sobre C "proposición avaliable mediante fórmula" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

10.- Propostas de clasificación/clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Cubrición do patio no CEIP Frián-Teis" (1.338-441)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 07:43	Páxina 2 de 22
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A54F-52C9D2-57B9A8-N8VFPF-CC64EJ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Cubrición do patio no CEIP Frián-Teis" (1.338-441) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitador	Puntuación total
1	SOTEGA NOROESTE, S.L.	71.00

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, SOTEGA NOROESTE, S.L. (B-36.518.231), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".

b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de desenvolvemento da adaptación da plataforma informática do Servizo de Benestar Social para a transmisión de información á Axencia Estatal Tributaria (246.353-301)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos de desenvolvemento da adaptación da plataforma informática do Servizo de Benestar Social para a transmisión de información á Axencia Estatal Tributaria (246.353-301) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitador	Puntuación total
1	IMATIA INNOVATION, S.L.	100.00

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, IMATIA INNOVATION, S.L. (B-36.499.960), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 07:43	Páxina 3 de 22
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A54F-52C9D2-57B9A8-N8VFPF-CC64EJ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

3. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

11.- Propostas de adjudicación

a) Procedemento aberto para a contratación da promoción turística do destino Vigo a través da súa conectividade aérea directa coa Cidade de Londres (anos 2023-2025) (8.283-104)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación comunica que con data do 23 de xaneiro de 2023 notificouse ao licitador clasificado en primeiro lugar, RYANAIR DAC, a resolución de clasificación xunto co requirimento de documentación. Dentro do prazo concedido, o 6 de febreiro de 2023, o licitador presentou a documentación. Logo da súa revisión, a Mesa acorda, por unanimidade:

- Conceder un prazo de tres días a RYANAIR DAC para que poida emendar a seguinte documentación:
 - Solvencia económica: o licitador achega certificado de inscrición no Rexistro Mercantil de Irlanda onde se indica que a sociedade presentou as súas contas ata o 9 de outubro de 2020. Así mesmo, achega declaración responsable na que RYANAIR DAC fai constar que RYANAIR DAC *“no aprueba ni publica cuentas anuales individuales, de acuerdo con el Derecho Irlandés, ya que se acoge a la excepción prevista en el Artículo 17(1) de la Ley Irlandesa de Sociedades (modificada) de 1986. II. La situación económica de RYANAIR DAC se refleja en las cuentas anuales de su sociedad matriz, Ryanair Holdings PLC, con domicilio en la Sede Social de Ryanair; las cuales son aprobadas y hechas públicamente disponibles de conformidad con la normativa irlandesa”*.

A cláusula 8.6.3º do PCAP prevé que a solvencia económica *“Acreditarse por medio das contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se o empresario estivera inscrito en dito rexistro, e no caso contrario, polas depositadas no rexistro oficial no que deba estar inscrito”*.

Tendo en conta a documentación achegada polo licitador, RYANAIR DAC deberá achegar as súas constas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil dun dos tres últimos anos cuxo importe sexa, cando menos, igual ou superior á anualidade media do prezo do contrato. Se non está obrigada a depositalas deberá achegar as contas da sociedade matriz, RYANAIR HOLDINGS PLC, xunto coa documentación que acredite que a citada empresa matriz posúe o 100% do seu capital social para poder entender que constitúen unha única unidade económica e que non recorre á solvencia dun terceiro (Resolución nº 167/2019, do 22 de febreiro de 2019, do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales).

- Solvencia técnica: segundo a citada cláusula 8.6.3º do PCAP *“Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos tres anos acredita servizos ou traballos por importe igual ou superior a unha anualidade media do prezo do contrato”*, polo que o contrato recollido no



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 07:43	Páxina 4 de 22
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A54F-52C9D2-57B9A8-N8VFPF-CC64EJ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



certificado de Tourism Ireland non se podería ter en conta por ser previo aos últimos 3 anos e o certificado da Autoridad Turismo Malta resultaría insuficiente por ter un importe inferior ao esixido no PCAP.

- o Feitas as oportunas comprobacións polo Servizo de Contratación constátase a existencia de débedas de RYANAIR DAC coa Seguridade Social e coa Axencia Tributaria de Galicia, polo que o licitador deberá achegar os correspondentes certificados positivos.

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo da coordinación e organización de vodas e acollementos civís celebrados polo Concello de Vigo (19.277-101)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo da coordinación e organización de vodas e acollementos civís celebrados polo Concello de Vigo (19.277-101)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 1 de decembro de 2022 a Xunta de Goberno local, acordou:

"Primeiro.- Aprobar a contratación polo procedemento aberto consonte ao disposto no artigo 156 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, para o contrato de prestación do servizo para a coordinación e organización protocolaria de vodas e acollementos civís que se celebran en espazos municipais. Expediente 19277-101 que contén o prego de prescricións técnicas particulares, redactado pola xefa da unidade administrativa da Alcaldía e asinado con data 10 de novembro de 2022 e o prego de cláusulas administrativas particulares, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación, con data de 17 de novembro de 2022.

Segundo.- Aprobar el gasto por importe de 16.863,32 € ive engadido, sendo o importe correspondente ao 21% de ive de 2.926,69 € que se tramitará como anticipado de gasto con cargo aos créditos do orzamento do Concello de Vigo, na aplicación orzamentaria 9120.2279910 (ASISTENCIA TÉCNICA A PROXECTOS INSTITUCIONAIS) ou a súa bolsa de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 07:43	Páxina 5 de 22
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A54F-52C9D2-57B9A8-N8VFPF-CC64EJ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

vinculación. De acordo as seguintes anualidades:

- Primeira e única anualidade: do 1 de xaneiro de 2023 ao 31 de decembro de 2023: 16.863,32 €
- 1º Prorroga: do 1 de xaneiro de 2024 ao 31 de decembro de 2024: 16.863,32€
- 2º Prorroga: do 1 de xaneiro de 2025 ao 31 de decembro de 2025: 16.863,32€
- 3º Prorroga: do 1 de xaneiro de 2026 ao 31 de decembro de 2026: 16.863,32

Terceiro.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista”.

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 20 de xaneiro de 2023 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo da coordinación e organización de vodas e acollementos civís celebrados polo Concello de Vigo (19277-101) na seguinte orde descendente:

	NOME DA EMPRESA	TOTAL PUNTOS CRITERIOS XUÍZO DE VALOR	TOTAL PUNTOS CRITERIOS AVALIABLES POR FORMULA	TOTAL PUNTUACIÓN
1	SACAFERRO, S.L.	45 puntos	55	100,00 puntos

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, SACAFERRO, S.L. (B27704980), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.”

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, SACAFERRO, S.L., o día 25 de xaneiro de 2023, que presenta a documentación requirida o 2 de febreiro, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 9 de febreiro de 2023 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 07:43	Páxina 6 de 22
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A54F-52C9D2-57B9A8-N8VFPF-CC64EJ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adjudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adjudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar SACAFERRO, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adjudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adjudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por SACAFERRO, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 4 e 17 de xaneiro de 2023, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Adjudicar a SACAFERRO, S.L. (B-27.704.980) o procedemento aberto para a contratación do servizo da coordinación e organización de vodas e acollementos civís celebrados polo Concello de Vigo (19.277-101) coas seguintes condicións:

- a) O prezo total do contrato é de 16.863,32 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 2.926,69 euros cunha porcentaxe de redución a aplicar ao prezo unitario previsto no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP do 16 %.*
- b) Comprométese á realización e entrega da memoria mensual que conteña información sobre as incidencias ou calquera outra cuestión reseñable de interese para o Concello.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 07:43	Páxina 7 de 22
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A54F-52C9D2-57B9A8-N8VFPF-CC64EJ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

c) Procedemento aberto para a contratación das obras de "Cubrición do tranvía da praza do Emigrante" (1.371-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de "Cubrición do tranvía da praza do Emigrante" (1.371-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 18 de novembro de 2022 a Xunta de Goberno local, acordou:

"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de "CUBRICIÓN DO TRANVÍA DA PRAZA DO EMIGRANTE" redactado polo Enxeñeiro Industrial D. Javier De La Puente Crespo

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnico de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación con data 07.10.2022.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de CENTO OITENTA E OITO MIL OITOCENTOS TRINTA E CATRO EUROS con OITENTA E UN CÉNTIMOS (188.834,81 €) , sendo o importe correspondente ao IVE de 32.772,98 €.

Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo na aplicación orzamentaria 1532 6090058 "Cubrición e protección Tranvía", segundo a distribución de anualidades proposta:

2022	177.770,00 €
2023	11,064.81 €

As diferentes anualidades imputaranse aos exercicios orzamentarios detallados, quedando o gasto subordinado ao crédito que para cada exercicio se consigne no



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 07:43	Páxina 8 de 22
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A54F-52C9D2-57B9A8-N8VFPF-CC64EJ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

orçamento, segundo o disposto no artigo 117.2 LCSP.

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 20 de xaneiro de 2023 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de “Cubrición do tranvía da praza do Emigrante” (1371-441) na seguinte orde descendente:

	Empresas	Puntuación
1	CIVIS GLOBAL, S.L.U.	95,89

Segundo.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, CIVIS GLOBAL, S.L.U. (B36684157), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, CIVIS GLOBAL, S.L.U., o día 26 de xaneiro de 2023, que presenta a documentación requirida o 3 de febreiro, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 9 de febreiro de 2023 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar CIVIS GLOBAL, S.L.U., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e,



comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por CIVIS GLOBAL, S.L.U., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 29 de decembro de 2022 e 16 de xaneiro de 2023, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Adxudicar a CIVIS GLOBAL, S.L.U. (B-36.684.157) o procedemento aberto para a contratación das obras de "Cubrición do tranvía da praza do Emigrante" (1.371-441) coas seguintes condicións por un prezo total de 187.511,97 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 32.543,40 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

d) Procedemento aberto para a contratación das obras de reparación de danos na estrutura, adaptación contra lumes e accesibilidade no edificio do parque central Lavadores (1.340-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 07:43	Páxina 10 de 22
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A54F-52C9D2-57B9A8-N8VFPF-CC64EJ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



opoña ao Real decreto legislativo 3/2011

- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de reparación de danos na estrutura, adaptación contra lumes e accesibilidade no edificio do parque central Lavadores (1.340-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 18 de novembro de 2022 a Xunta de Goberno local, acordou:

"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras de "REPARACIÓN DE DANOS NA ESTRUCTURA, ADAPTACIÓN CONTRA LUMES E ACCESIBILIDADE NO EDIFICIO DO PARQUE CENTRAL LAVADORES", redactado pola arquitecta Dna. Iria Urdampilleta Pérez.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación de data 11.10.2022.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de CATROCENTOS OITENTA E SEIS MIL CATROCENTOS TRECE EUROS CON TRINTA E DOUS CÉNTIMOS (486.413,32 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 84.418,84 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 9330.632.00.60 (Mellora do edificio P. Central Sta.Cristina), segundo a distribución de anualidades proposta.

2022	483.730,00 €
2023	2.683,32 €

As diferentes anualidades imputaranse aos exercicios orzamentarios detallados, quedando o gasto subordinado ao crédito que para cada exercicio se consigne no orzamento, segundo o disposto no artigo 117.2 LCSP, sometendo a adxudicación á condición suspensiva da efectiva consolidación dos recursos que han de financiar o contrato correspondente (D.A.3º.2 da LCSP).

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente".

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 20 de xaneiro de 2023 adoptou a seguinte resolución:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 07:43	Páxina 11 de 22
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A54F-52C9D2-57B9A8-N8VFPF-CC64EJ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de reparación de danos na estrutura, adaptación contra lumes e accesibilidade no edificio do parque central Lavadores (1340-441) na seguinte orde descendente:

	Empresas	Puntuación
1	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	93,83

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. (A70319678), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A., o día 26 de xaneiro de 2023, que presenta a documentación requirida o 6 de febreiro, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 9 de febreiro de 2023 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 07:43	Páxina 12 de 22
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A54F-52C9D2-57B9A8-N8VFPF-CC64EJ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliáveis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliáveis mediante fórmula, de datas 29 de decembro de 2022 e 16 de xaneiro de 2023, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Adjudicar a PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. (A-70.319.678) o procedemento aberto para a contratación das obras de reparación de danos na estrutura, adaptación contra lumes e accesibilidade no edificio do parque central Lavadores (1.340-441) por un prezo total de 470.507,59 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 81.658,34 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

e) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Pavimentación da avenida do Fragoso" (1.437-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Pavimentación da avenida do Fragoso" (1.437-441)

ANTECEDENTES



Primeiro.- Con data do 9 de decembro de 2022 a Xunta de Goberno local, acordou:

"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de "PAVIMENTACIÓN DA AVENIDA DO FRAGOSO", redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. Joel Liñares Masid.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación e a Xefa do Servizo de Contratación con 7 de novembro de 2022.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de CINCOCENTOS VINTE CATRO MIL TRESCENTOS TRINTA E CATRO EUROS CON TRINTA E CINCO CÉNTIMOS (524.334,35 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 91.000,18 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1532 210 00 04 (Plan reinv. firmes barrios-parroquias cof), segundo a seguinte distribución de anualidades:

2022	30.000,00 €
2023	494.334,35 €

As diferentes anualidades imputaranse aos exercicios orzamentarios detallados, quedando o gasto subordinado ao crédito que para cada exercicio se consigne no orzamento, segundo o disposto no artigo 117.2 LCSP.

Cuarto.- Para posibilitar a execución do contrato, conforme ao plan de obra previsto e ás dispoñibilidades orzamentarias, modifícanse as porcentaxes de gastos establecidas para os importes plurianuais, en base ao disposto no artigo 174 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais, quedando establecida unha modificación dos porcentaxes previstos para a segunda anualidade dun 1.647,78%, con respecto á primeira anualidade.

Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente".

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 20 de xaneiro de 2023 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Pavimentación da avenida do Fragoso" (1437-441) na seguinte orde descendente:

	Empresas	Oferta
--	-----------------	---------------



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 07:43	Páxina 14 de 22
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A54F-52C9D2-57B9A8-N8VFPF-CC64EJ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

1	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)	84.066,83 €
2	MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	82.940,16 €
3	GALSUR PROYECTOS Y OBRAS, S.L.U.	78.606,82 €
4	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.	69.420,13 €
5	UTE ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L. - ANTONIO FILLOY, S.A.	64.566,79 €
6	NAROM, S.L.	32.196,72 €

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA) (A36008886), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA), o día 27 de xaneiro de 2023, que presenta a documentación requirida o 6 de febreiro, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 9 de febreiro de 2023 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA), como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do



licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA), de acordo co informe de valoración das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de data 16 de xaneiro de 2023.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Adxudicar a CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA) (A-36.008.886) o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Pavimentación da avenida do Fragoso" (1.437-441) por un prezo total de 422.613,48 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 73.346,14 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.

Trátase dunha actuación cofinanciada pola Deputación provincial de Pontevedra, a través do CONVENIO DE COLABORACIÓN COA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A EXECUCIÓN DUN "PLAN DE MELLORA DA MOBILIDADE URBANA SOSTIBLE NA CIDADE DE VIGO 2021/2023, RECUPERACIÓN DO SISTEMA DUNAR NA PRAIA DE SAMIL E MELLORA DA CUBRICIÓN DO PATIO NO COLEXIO CEIP JAVIER SENSAT".

f) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Mellora da pavimentación de calzada de avenida Atlántida" (1.442-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 07:43	Páxina 16 de 22
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A54F-52C9D2-57B9A8-N8VFPF-CC64EJ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011

- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Mellora da pavimentación de calzada de avenida Atlántida" (1.442-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 9 de decembro de 2022 a Xunta de Goberno local, acordou:

"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de "MELLORA DA PAVIMENTACIÓN DE CALZADA DE AVD ATLÁNTIDA", redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos, Dª Marta Rodriguez Yanes

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación e a Xefa do Servizo de Contratación con 16 de novembro de 2022.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de DOUSCENTOS NOVENTA E OITO MIL SEISCENTOS OITENTA E NOVE EUROS CON SEIS CÉNTIMOS (298.689,06 €) , sendo o importe correspondente ao IVE de 51.838,60 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1532 210 00 04 (Plan renv. firmes barrios-parroquias cof), segundo a seguinte distribución de anualidades:

2022	20.000,00 €
2023	278.689,06 €

As diferentes anualidades imputaranse aos exercicios orzamentarios detallados, quedando o gasto subordinado ao crédito que para cada exercicio se consigne no orzamento, segundo o disposto no artigo 117.2 LCSP.

Cuarto.- Para posibilitar a execución do contrato, conforme ao plan de obra previsto e ás dispoñibilidades orzamentarias, modifícanse as porcentaxes de gastos establecidas para os importes plurianuais, en base ao disposto no artigo 174 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais, quedando establecida unha modificación dos porcentaxes previstos para a segunda anualidade dun 1.393,45 %, con respecto á primeira anualidade.

Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente".

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno



local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 20 de xaneiro de 2023 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Mellora da pavimentación de calzada de avenida Atlántida" (1442-441) na seguinte orde descendente:

	Empresas	Oferta
1	CONSTRUCCIONES VALE, S.L.	50.011,90 €
2	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)	45.321,74 €
3	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.	39.718,24 €
4	MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	26.635,16 €
5	GALSUR PROYECTOS Y OBRAS, S.L.U.	24.166,66 €
6	NAROM, S.L.	20.068,94 €

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIONES VALE, S.L. (B36024933), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIONES VALE, S.L., o día 27 de xaneiro de 2023, que presenta a documentación requirida o 7 de febreiro, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 9 de febreiro de 2023 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 07:43	Páxina 18 de 22
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A54F-52C9D2-57B9A8-N8VFPF-CC64EJ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



lugar CONSTRUCCIONES VALE, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por CONSTRUCCIONES VALE, S.L., de acordo co informe de valoración das proposicións avaliáveis mediante fórmula, de data 16 de xaneiro de 2023.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Adxudicar a CONSTRUCCIONES VALE, S.L. (B-36.024.933) o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Mellora da pavimentación de calzada de avenida Atlántida" (1.442-441) por un prezo total de 238.174,66 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 41.336,10 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.

Trátase dunha actuación cofinanciada pola Deputación provincial de Pontevedra a través do Convenio para a execución dun "Plan de mellora da mobilidade urbana sostible na Cidade de Vigo 2021/2023, recuperación do sistema dunar na Praia de Samil e mellora da cubrición do patio no colexio CEIP Javier Sensat".

g) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Pavimentación das rúas Padre Seixas e Porriño (1.447-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 07:43	Páxina 19 de 22
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A54F-52C9D2-57B9A8-N8VFPP-CC64EJ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Pavimentación das rúas Padre Seixas e Porriño (1.447-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 9 de decembro de 2022 a Xunta de Goberno local, acordou:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de "PAVIMENTACIÓN DAS RÚAS PADRE SEIXAS E PORRIÑO", redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos, D^a Trinidad López Rodríguez

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación e a Xefa do Servizo de Contratación con 16 de novembro de 2022.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de TRESCENTOS VINTE NOVE MIL NOVECENTOS VINTE UN EUROS CON QUINCE CÉNTIMOS (329.921,40 €) sendo o importe correspondente ao IVE de 57.259,08 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1532 210 00 04 (Plan renv. firmes barrios-parroquias cof), segundo a seguinte distribución de anualidades:

2022	25.000 €
2023	304.921,40 €

As diferentes anualidades imputaranse aos exercicios orzamentarios detallados, quedando o gasto subordinado ao crédito que para cada exercicio se consigne no orzamento, segundo o disposto no artigo 117.2 LCSP.

Cuarto.- Para posibilitar a execución do contrato, conforme ao plan de obra previsto e ás dispoñibilidades orzamentarias, modifícanse as porcentaxes de gastos establecidas para os importes plurianuais, en base ao disposto no artigo 174 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais, quedando establecida unha modificación dos porcentaxes previstos para a segunda anualidade dun 1.219,69 %, con respecto á primeira anualidade.

Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente".



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 07:43	Páxina 20 de 22
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A54F-52C9D2-57B9A8-N8VFPF-CC64EJ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 20 de xaneiro de 2023 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Pavimentación das rúas Padre Seixas e Porriño (1447-441) na seguinte orde descendente:

	Empresas	Puntuación
1	CONSTRUCCIONES VALE, S.L.	76.509,04 €
2	MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	65.711,61 €
3	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)	65.002,69 €
4	GALSUR PROYECTOS Y OBRAS, S.L.U.	54.532,46 €
5	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.	44.907,48 €
6	UTE ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L. - ANTONIO FILLOY, S.A.	30.810,84 €
7	NAROM, S.L.	14.042,10 €

Segundo.- *Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIONES VALE, S.L. (B36024933), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares."*

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIONES VALE, S.L., o día 27 de xaneiro de 2023, que presenta a documentación requirida o 7 de febreiro, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 9 de febreiro de 2023 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adjudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adjudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adjudicación deberá ser motivado, notificarase aos



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 07:43	Páxina 21 de 22
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A54F-52C9D2-57B9A8-N8VFPP-CC64EJ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 07:43	Páxina 22 de 22
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A54F-52C9D2-57B9A8-N8VFPF-CC64EJ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar CONSTRUCCIONES VALE, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por CONSTRUCCIONES VALE, S.L., de acordo co informe de valoración das proposicións avaliadas mediante fórmula, de data 16 de xaneiro de 2023.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Adxudicar a CONSTRUCCIONES VALE, S.L. (B-36.024.933) o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Pavimentación das rúas Padre Seixas e Porriño (1.447-441) por un prezo total de 237.345,46 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 41.192,19 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.

Trátase dunha actuación cofinanciada pola Deputación provincial de Pontevedra, a través do CONVENIO DE COLABORACIÓN COA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A EXECUCIÓN DUN "PLAN DE MELLORA DA MOBILIDADE URBANA SOSTIBLE NA CIDADE DE VIGO 2021/2023, RECUPERACIÓN DO SISTEMA DUNAR NA PRAIA DE SAMIL E MELLORA DA CUBRICIÓN DO PATIO NO COLEXIO CEIP JAVIER SENSAT".

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 10:25 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)